

APOIAMOS A

CONCENTRACIÓN

DO PERSOAL DOS PACs

do mércores 21 de febreiro,

ás 11 diante do SERGAS en Santiago.

Durante a concentración **farase entrega das sinaturas recollidas nos PACs** nas que se indica que as condicións de traballo empeoraron nos últimos anos, tanto en recursos humanos e materiais coma en retribucións e presión asistencial, especialmente dende a creación das Estructuras Organizativas de Xestión Integrada, e se solicitan melloras en aspectos organizativos, de recursos humanos e económicas, incluíndo o pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade.

Desde a sinatura do **acordo de PACs**, no ano 2008, **CIG-Saúde** exixiu do SERGAS a plena aplicación do acordo, chegando a denunciar no xulgado, con resultado desigual, a interpretación do reconto de xornada que fai o SERGAS cando se solicitan permisos ou en situación de IT.

O incumprimento do acordo na parte retributiva, **manter o pago do 80% dos complementos de nocturnidade e festividade**, tamén formou parte das reivindicacións da CIG-Saúde na FOLGA na sanidade pública do 2 e 3 de novembro de 2017, mantida en solitario por este sindicato.

CIG-Saúde apoia todas as reivindicacións recollidas na folla de sinaturas e se compromete a defendelas na Comisión Técnica da Mesa Sectorial que reclamamos que o SERGAS convoque o antes posible.

